

## 1. Le o seguinte texto:

«Había en Westfalia, no castelo do señor barón de Thunder-ten-tronckh, un mociño ao que a natureza lle dera os costumes máis doces. A súa fisionomía anunciaba a súa alma. Tiña o xuízo bastante dereito, co espírito máis simple. É por esta razón, coido eu, que lle chamaban Cándido. Os antigos domésticos da casa sospeitaban que el era fillo da irmá do señor barón e dun bo e honrado xentilhome da veciñanza co que esta señorita nunca quixo casar porque el non puidera probar máis que setenta e catro cuarteis de nobreza e o resto da súa árbore xenealóxica se perdera debido á inxuria do tempo.

O señor barón era un dos máis poderosos señores da Westfalia, pois o seu castelo tiña porta e fiestras. O seu gran salón estaba mesmo adornado cun tapiz. Os cans todos do seu curral formaban un trupelo para a caza en caso necesario, os seus palafreñeiros facían de monteadores e o coadxutor da aldea era o seu capelán. Todos lle chamaban excelencia, e rían cando el contaba contos.

A señora baronesa, que pesaba arredor de trescentas cincuenta libras, atraía por ese motivo unha grande consideración e facía os honores da casa cunha dignidade que a tornaba aínda máis respectábel. A súa filla Cunegunda, de dezasete anos de idade, era de fazulas coloradas, fresca, repoluda e apetecible. O fillo do barón semellaba en todo digno de seu pai.

O preceptor Pangloss era o oráculo da casa, e o pequeno Cándido escoitaba as súas leccións con toda a boa fe da súa idade e do seu carácter. Pangloss ensinaba metafísico-teólogo-cosmolo-pampoloxía. Probaba admirablemente que non hai efecto sen causa e que, neste mellor dos mundos posibles, o castelo de súa excelencia o barón era o máis fermoso dos castelos, e a señora a mellor das baronesas posibles.

Está demostrado –dicía el– que as cousas non poden ser outramente: porque, ao estar todo feito para unha finalidade, todo está necesariamente para a mellor finalidade. Reparade ben en que os narices foron feitos para levaren lentes, e así temos lentes. As pernas están manifestamente instituídas para seren calzadas, e temos calzas. As pedras foron formadas para ser talladas e facer castelos con elas: así Súa Excelencia ten un fermosísimo castelo, pois o barón máis grande da rexión debe ser o mellor aloxado. E ao estaren feitos os cochos para ser comidos, comemos nós porco todo o ano. Por conseguinte, os que adiantaron que todo está ben dixeron unha parvada: cumpría dicir que todo está do mellor.

Cándido escoitaba atentamente e cría inocentemente, porque atopaba á señorita Cunegunda en extremo fermosa, aínda que non se tomou nunca o atrevemento de llo dicir. Tiraba el a conclusión de que, despois da felicidade de ter nacido barón de Thunder-ten-tronckh, o segundo grao de felicidade era ser a señorita Cunegunda, o terceiro vela todos os días, e o cuarto oír a mestre Pangloss, o máis grande filósofo da rexión, e por conseguinte da terra toda.

Un día, Cunegunda, paseando cabo do castelo, nun bosquiño que chamaban parque, viu entre os matos ao doutor Pangloss que estaba a lle dar unha lección de física experimental á camareira de súa nai, unha moreniña moi bonita e moi dócil. Como a señorita Cunegunda tiña moi boa disposición para as ciencias, observou, sen alentar, os experimentos reiterados dos que foi testemuña. Viu claramente a razón suficiente do doutor, os efectos e as causas, e regresou toda axitada, toda pensativa, toda chea de desexos de ser sabia, coidando que ela ben podería ser a razón suficiente do mozo Cándido e que tamén el podía ser a súa.

Ao volver para o castelo atopou a Cándido, e púxose encarnada. Cándido tamén se puxo encarnado. Ela díxolle “¡Bo día!” cunha voz entrecortada, e Cándido faloulle sen saber o que el dicía. No outro día, despois do almorzo, cando se retiraban da mesa, Cunegunda e Cándido atopáronse detrás dun biombo. Cunegunda deixou caer o seu pano das mans,

Cándido recolleuno. Ela colleulle inocentemente a man. O rapaz bicou inocentemente a man da damiña cunha vivacidade, unha sensibilidade e unha graza particularísima. As súas bocas atopáronse, os seus ollos inflamáronse, os seus xeonllos tremeron e as súas mans extraviáronse. O señor barón de Thunder-ten-tronckh pasou a rente do biombo e, ao ver esta causa e este efecto, botou a Cándido fóra do castelo a patadas no traseiro. Cunegunda desvaneceuse, levou unhas labazadas da súa señora nai des que volveu en si mesma, e todo quedou consternado no máis fermoso e o máis agradable dos castelos posibles.»

(Voltaire. *Cándido ou o optimismo*. La Voz de Galicia. BG-Ed Xerais, 2005. H. Harguindey (trad.), pp. 9-12)

2. Contesta as seguintes preguntas:

- a. Indica o autor do texto
- b. A que obra pertence o fragmento?
- c. A que xénero pertence a obra?
- d. Fai un resumo argumental do texto.
- e. Onde se sitúa espacialmente o texto?
- f. Comenta todo o que saibas sobre os personaxes do texto
- g. A que filósofo se satiriza?
- h. Cales son os tópicos con que se efectúa esta sátira?
- i. Sinala outros pensadores da época do autor do texto.
- l. Que parecidos e diferenzas ese producen entre eses autores?
- m. Que outras obras compuxo o autor do texto?
- n. Como era a situación literaria do seu país nese momento?
- ñ. Que gran obra colectiva se compuxo nese século e nese país?
- o. Que pretendía esa obra?
- p. Que feito histórico relevante do XVIII se produciu nese país?